



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Departamento de Obras e Urbanismo

Modificación dun artigo da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Narón, na sesión ordinaria realizada o día 26 de xuño do 2025 aprobou inicialmente a modificación puntual da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións.

Sometido ao trámite de exposición pública polo prazo de trinta días, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP), número 135, do 17 de xullo do 2025, non se presentou alegación nin suxestión ningunha, polo que de conformidade co establecido no art. 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, enténdese aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo expreso polo Concello Pleno.

En cumprimento do establecido no art. 70.2 da antedita Lei publícase o texto obxecto de modificación da devandita ordenanza, que entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e unha vez teña transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/85.

Por se tratar dunha disposición de carácter xeral non procede recurso en vía administrativa, aínda que poderá impugnarse directamente perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó desta publicación, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así, o texto definitivo do artigo obxecto da devandita modificación puntual na Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións, pasa a ter a seguinte redacción:

“ARTIGO 40

1. O uso de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción requirirá autorización preceptiva, previa e expresa. O horario para o uso de dispositivos sonoros con fins de propaganda será de 10:00 a 13:00 horas en horario de mañá e de 17:00 a 20:00 horas en horario de tarde.”

O que se publica para coñecemento xeral e para os efectos oportunos.

Narón, 29 de outubro de 2025. Asinado dixitalmente pola alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz.

2025/7102